



RESOLUCIÓN do 14 de xullo de 2025, da Dirección Xeral Simplificación Administrativa e do Patrimonio, pola que se somete ao trámite de información pública o Anteproxecto así como a proposta de estrutura de custos e fórmula de revisión de prezos para o desenvolvemento do contrato de concesión de obra pública para a implantación dun establecemento de cafetería e aseos situados no ámbito do PS-5 do Plan Sectorial de Ordenación do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar en terreos da ETEA, concello de Vigo

A Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio mediante Resolución do 14 de xullo de 2025, en cumprimento do establecido no artigo 247.7 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público aprobou o estudo de viabilidade económico-financeira do contrato de concesión de obra pública para a implantación dun establecemento de cafetería e aseos situados no ámbito do PS-5 do Plan Sectorial de Ordenación do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar en terreos da ETEA, Concello de Vigo.

Por resolución do 10 de xullo de 2025 da Axencia Galega de Infraestruturas, aprobouse provisionalmente o anteproxecto de concesión de obra pública para a implantación dun establecemento de cafetería e aseos situados no ámbito do PS-5 do Plan Sectorial de Ordenación do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar en terreos da ETEA, Concello de Vigo.

Con data 30 de xuño de 2025 emitíuse a memoria xustificativa da proposta de estrutura de custos e fórmula de revisión de prezos para o desenvolvemento do contrato de concesión de obra pública para a implantación dun establecemento de cafetería e aseos situados no ámbito do PS-5 do Plan Sectorial de Ordenación do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar en terreos da ETEA, Concello de Vigo.

Considerando o exposto e o establecido na normativa vixente,

ACORDO:

En cumprimento do establecido no artigo 248.3 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, por medio da presente resolución ábrese un trámite de información pública durante un prazo dun mes, contado





dende a publicación deste anuncio, co obxecto de que se poidan facer as observacións oportunas sobre a localización e características da obra de referencia, así como sobre calquera outra circunstancia referente a súa declaración de utilidade pública.

Así mesmo, a través da presente resolución, sométese a memoria xustificativa da proposta de estrutura de custos e fórmula de revisión de prezos para o desenvolvemento do contrato de concesión de obra pública a información pública en cumprimento do disposto no artigo 9.8. do Real Decreto 55/2017, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española.

Para os efectos da presente resolución, a documentación que compón o anteproxecto de concesión de obra e a memoria xustificativa da estrutura de costes e fórmula de revisión de prezos está ao dispor dos interesados na Subdirección Xeral do Patrimonio, edificio administrativo da rúa Pastoriza 8 de Santiago de Compostela. Asimismo, na páxina Web da Consellería de Facenda <https://facenda.xunta.gal/es/transparencia/procedementos-informacion-publica> e na plataforma de contratación de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
José M^a Barreiro Díaz

